

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL**

RESOLUCIÓN do 14 de maio de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se fai pública a convocatoria para a autorización dos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia para a participación no programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado Cuale para o curso 2025/26.

Co obxecto de realizar a convocatoria para o curso 2025/26 da autorización do programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado –Cuale– nos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia, esta dirección xeral resolve anunciar:

Primeiro. Que a regulación e a convocatoria de autorización do programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado –Cuale– para o curso 2025/26 estará dispoñible no portal educativo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional: <http://www.edu.xunta.gal/portal>

Segundo. Os centros que desexen implantar o programa Cuale deberán facer a correspondente solicitude en liña completando o formulario electrónico dispoñible na aplicación á cal se accede na ligazón <http://www.edu.xunta.es/programaseducativos> no programa correspondente Cuale.

Terceiro. Que o prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o día 10 de xuño de 2025.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2025

Judith Fernández Novoa
Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

CVE-DOG: ktgz7115-br56-kf4 1-43w0-6yftowkiu50y5

